

XOVES 4 E VENRES 5 DE XUÑO 2020

Seguimos co noso libro presentándovos as fichas que deberíades facer entre hoxe e mañá. Xa sabedes que podedes xestionarvos como vos veña ben, xa que son consciente que cada quen ten as súas circunstancias. Recordade que as actividades de ampliación son optativas.

04/06/2020

Hoxe toca levar a cabo 2 fichas (xa que son sinxelas).

FICHA Nº16: Nesta ficha trátase de traballar a discriminación auditiva. Para iso déixovos o seguinte código QR (que deberedes escanear cun programa apropiado, o cal podedes descargar dende o PlayStore) para poder escoitar a secuencia de sons. O neno/a deberá escoitar a secuencia e poñer o gomet na secuencia que se reproducíu. (se non vos vai avisádeme e enviareivos a pista por Whatapp).



Secuencia 1: búho, mar, río

No **reverso** da ficha deberán debuxar elementos naturais que fagan ruído, que sonen e escribir debaixo o nome dos animais/obxectos ou elementos. (tronos, animais que fagan algún tipo de ruído, o mar, a chuvia ...)

FICHA Nº17:

Que son as illas? Porque se forman? Que é o crater? Onde se atopa o crater? Preguntarémolos aos nenos/as a ver que hipóteses teñen e explicarémolos como ocorre. Para facilitar a explicación déixovos os seguintes vídeos.

<https://www.youtube.com/watch?v=POAJuEtGWtE>

<https://www.youtube.com/watch?v=KoarLonNiBo>

https://www.youtube.com/watch?v=h5CSN_fGHAw

<https://www.youtube.com/watch?v=RnJ3EAKXUfU>

<https://www.youtube.com/watch?v=AFJ3zC0rh9c> (canción)

Logo pasamos a facer a ficha. O neno/a deberá poñer un gomet (ou unha huella) no centro do cráter. Logo na dereita da ficha toca debuxar unha illa volcánica e pintala.

No **reverso** da ficha: Debuxan un volcán e que pensen (e debuxen) algo divertido que lles gustaría que saíra de centro do volcán. Terán que deixar voar a súa imaxinación 😊

AMPLIACIÓN: Outra opción e facer unha especie de "lámpara de lava". Para iso precisaremos os seguinte ingredientes :auga, aceite de xirasol, botella de plástico valeira, colorante alimenticio e unha pastilla efervescente (como pode ser a aspirina).



1. Botamos na botella arredor de $\frac{1}{4}$ de auga. Logo mesturaremos na auga o colorante.
2. Despois encheremos a botella con aceite vexetal (engadirase o aceite amodo).



3.- Finalmente engadir a pastilla efervescente e observar o que sucede.



05/06/2020

FICHA Nº18: Actividade plástica.

Antes de ver a ficha prantexámoslles aos nenos/as o seguinte: Fai moitísimos anos non había papel para pintar polo cal tiñan que pintar e debuxar noutras superficies. Cales cres que podían ser esas superficies? Con que cres que pintaban se non había pinturas?

Podemos ver o seguinte vídeo de arte rupestre:

<https://www.youtube.com/watch?v=DrUakdp8A6Q>

<https://www.youtube.com/watch?v=yJFxFzjgld0> (conto de arte rupestre).

Logo pasamos a facer a ficha. O neno/a deberá escoller entre as tres imaxes da esquerda reproduciraa no redrado da esquerda con pintura de dedos (se non dispoñedes das mesmas podedes empregar témperas, ou rotuladores).

AMPLIACIÓN: Crearemos as nosas propias acuarelas con alimentos. Para iso podemos empregar café, terra, colorante alimenticio, canela en pó, pementón, remolacha... trátase de mesturar estes alimentos con auga tibia (ou témpera branca). Finalmente tras crear as nosas propias acuarelas toca deixar voar a imaxinación e pintar coas mesmas.



Sería **convinte facer a seguinte actividade:** Estamos xa case no fin de semana, polo que a mellor actividade de ampliación é a de saír e disfrutar do entorno no cal podemos contar pedras, insectos, escribir letras na area,...polo cal xa sabedes, se o tempo o permite desfrutade da contorna. 😊

AMPLIACIÓN: Como sempre, podedes ampliar os contidos con algunha ficha de ampliación das que dispoñedes da casa. Poden ou podedes escoller a que queirades dependendo dos ánimos e ganas que teñan os rapaces de traballar.